



Anexo 1 (BASES CAMPAMENTOS URBANOS 2016)

QUENDA EXTRAORDINARIA DESTINADA A CUBRIR VACANTES NOS CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN FACENDO FRENTE Á DEMANDA DE CONCILIACIÓN DERIVADA DAS POSIBLES SITUACIÓNS SOBREVIDAS POR RAZÓN DE OCUPACIÓN LABORAL DURANTE O PERIODO VACACIONAL DE VERÁN

Establécese unha quenda extraordinaria de presentación de solicitudes para o Campamento Urbano, destinada a cubrir as posibles vacantes así como a confeccionar unha listaxe de espera para suplir as baixas, repostando, deste xeito, á demanda de conciliación da vida familiar e laboral derivada de situacións sobrevidas por razón da ocupación laboral dos proxenitores ou titores dos/as menores durante o periodo estival.

Ábrese un período extraordinario de presentación de solicitudes para este servizo, destinado á aqueles solicitantes que cumpran, durante o novo prazo establecido, cos requisitos de acceso:

Nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2012 empadroados no Concello de Vilagarcía de Arousa, que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan unha actividade laboral ou participen nun proceso de formación regrado ou oficial, durante os meses de xullo e agosto no horario de desenvolvemento do servizo.

O servizo presentará dúas modalidades:

- **SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO:** con actividades de ocio e ocupación do tempo de lecer baseadas nos principios da educación non formal, en horario de 9.00 a 14.00 h
- **SERVIZO COMPLEMENTARIO DE COMEDOR.** Destinado aos/ás menores que o soliciten, en horario de 14.00 h a 15.00 h. (ver anexo IV)



Lugar e Data.

Desenvolverase durante os meses de xullo e agosto de 2016 no CEIP A Escardia, en horario establecido de 9.00 h a 14.00 h (ata as 15.00 h. aqueles nenos e nenas insritos no servizo de comedor), establecendo un tempo de lecer e de merenda a media mañá. A entrada no servizo poderá realizarse nos seguintes tramos horarios: entre as 9.00 e as 9.30 h. e a hora de recollida do nenos, entre as 13.30 e as 14.00 h. Horario de comedor: de 14.00 h a 15.00 h.

Solicitudes

1. O prazo de presentación das solicitudes ábrese dende o día 1 ao 7 de xuño de 2016 (ambos inclusive).

2. As familias deberán presentar a ficha de inscrición, ficha de matrícula e autorizacións (que se facilitarán no departamento de Xuventude, Servizos Sociais e na páxina web do Concello), no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do Libro de Familia completa.
- Fotocopia do Título de Familia numerosa, no seu caso.
- Documento xustificativo da situación laboral: certificado de empresa ou vida laboral e declaración xurada de horarios. No caso dos/as autónomos/as, último recibo de pago do seguro de autónomos e declaración xurada de horarios de traballo.
- Documento xustificativo da participación dos pais en procesos formativos para a integración laboral, no seu caso, e indicado período de duración e horario.
- Documento acreditativo da situación de familia monoparental: fotocopia cotexada do libro de familia, do certificado de defunción, da demanda ou sentenza de separación ou divorcio, xunto co acordo regulador ou resolución judicial sobre as medidas paterno filiais.
- Documento acreditativo de situación de violencia de xénero emitido polo C.I.M. municipal.
- Copia do carné de familia numerosa, no seu caso.

Proceso de Selección:



As solicitudes completas e debidamente asinadas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. O proceso de selección seguirá a rigurosa orde de entrada no Rexistro Xeral, coa excepción das unidades familiares nas que a nai se atope en situación de violencia de xénero que terán acceso directo ao servizo.

Non serán tidas en conta aquelas solicitudes que non cumpran cos requisitos de acceso.

A listaxe provisional de admitidos a través desta quenda especial será publicada o día 14 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, do departamento de Servizos Sociais e Xuventude e na páxina web do Concello. Establécese un prazo dos tres días seguintes hábiles para a realización de reclamacións. O listaxe definitivo será publicado o día 21 de xuño. Establécese de prazo os tres días hábiles seguintes para a realización do pago correspondente.

Publicada a lista definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha lista de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello.

En función das baixas que se produzan na actividade os/as nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.